

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

REUNIDOS

Don Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don con DNI ..., secretario xeral da Confederación Intersindical Galega (CIG), con NIF ... que actúa en nome e representación da citada entidade en virtude do establecido nos seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que ambas as dúas entidades consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponde á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de política lingüística.

2. Que as partes convenientes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade. Que así mesmo, as partes queren colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a lograr a participación activa dos axentes sociais no proceso normalizador da lingua galega, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas os sindicatos.

3. Que a CIG xorde en 1994 como un sindicato de clase que considera como principio fundamental a democracia e a participación, que respecta o pluralismo, que se expresa en galego e impulsa a nosa cultura e o noso idioma. Está integrada por oito comarcas (Vigo, A Coruña, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol, Ourense, Lugo e A Mariña) e 11 federacións sectoriais, ten representatividade en todos os sectores laborais e industriais e vén apostando pola defensa e o apoio dos valores propios e identificadores de Galicia.

4. Que as actividades que promove a CIG se enmarcan dentro dos obxectivos que sinala a Lei de normalización, o Plan xeral de normalización da lingua galega e o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, as cales, pola súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fai extensiva aos restantes sindicatos maioritarios en Galicia. Na mesma liña de actuación no presente ano, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración con , ANPE-GALICIA, CSI-F Galicia, UGT Galicia e CC.OO, é polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas no convenio

5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a CIG fan explícita a súa inequívoca vontade de continuar colaborando no desenvolvemento de actuacións destinadas a conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior no ámbito de actuación deste sindicato e nas súas relacións coa cidadanía.

Polo exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2017, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a CIG para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega neste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a normalizar o uso da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato, coa finalidade de conseguir que o galego sexa unha lingua operativa e coñecida en todos os ámbitos da sociedade.

Segunda.- Obrigas da CIG

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura deste convenio, a CIG comprométese a organizar e realizar en lingua galega o Encontro Sindical: “O galego nas relacións laborais”. Esta actividade, coordinada polo Gabinete de Normalización Lingüística da CIG, destinase aos responsables e delegados/as sindicais de empresa (120 persoas). Este encontro servirá para unha mellor comprensión da situación da lingua galega no eido laboral.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a lle facilitar, cando sexa preciso, á CIG o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **mil euros (1.000,00 €)**, con cargo á aplicación 10.30.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, a CIG presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2017, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas (dúas copias). Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- Un informe (dúas copias en soporte papel e unha copia en soporte informático) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

Para percibir a mencionada axuda, a CIG queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia..

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras

administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento a CIG, presentará na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, a CIG presentará, unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, a GIG deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incursoa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, a CIG comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A CIG procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A CIG facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións,

modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - Secretaría Xeral de Política Lingüística e usaranse para iso, cando proceda, os anagramas aprobados pola normativa de imaxe corporativa da Xunta.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

O presente convenio estará vixente dende a data do seu asinamento e ata o 30 de novembro de 2017, agás que algunha das partes o resolva por escrito, cun mes de antelación, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da secretaria Xeral de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da CIG. Esta comisión, que

estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O secretario xeral da CIG